

notificación nos termos previstos nos números 1 e 2 do artigo 59 da Lei de réxime jurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a entrega poderá ser realizada por un empregado do colexio de avogados, con suxeición ó sinalado nos números 2 e 3 do dito precepto; e se tampouco así se puidese efectuar a notificación, entenderase realizada ós quince días da súa colocación no taboleiro de anuncios do propio colexio de avogados, que se poderá facer na forma prevista no artigo 61 da citada lei.

#### Artigo 95.

1. Son nulos de pleno dereito os actos dos órganos colexiais que incorran nalgún dos supostos que establece o artigo 62 da Lei de réxime jurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Son anulables os actos dos órganos colexiais que incorran nos supostos establecidos no artigo 63 da citada lei.

#### Artigo 96.

1. As persoas con interese lexítimo poderán formular recurso perante o Consello Xeral da Avogacía Española, contra os acordos da Xunta de Goberno e da Xunta Xeral de calquera colexio de avogados, dentro do prazo dun mes desde a súa publicación ou, se é o caso, notificación ós colexiados ou persoas a que afecte.

2. O recurso será presentado ante a xunta de goberno que dictou o acordo, que deberá elevalo, cos seus antecedentes e o informe que proceda, ó Consello Xeral dentro dos quince días seguintes á data de presentación, salvo que de oficio repoña o seu propio acordo no dito prazo. O Consello Xeral, logo dos informes que ache pertinentes, deberá dictar resolución expresa dentro dos tres meses seguintes á súa interposición, entendéndose que, en caso de silencio, queda denegado. O recorrente poderá solicitar a suspensión do acordo impugnado e a Comisión Permanente do Consello Xeral poderá acordala ou denegala motivadamente.

3. Os acordos dos consellos de colexios das comunidades autónomas soamente serán impugnables ante o Consello Xeral cando así o dispoñan os seus propios estatutos, caso en que se aplicará o mesmo procedemento expresado nos números precedentes deste artigo.

#### Artigo 97.

1. A xunta de goberno tamén poderá impugnar os acordos da Xunta Xeral ante o Consello Xeral da Avogacía Española, no prazo dun mes desde a súa adopción.

2. Se a xunta de goberno entender que o acordo impugnado é nulo de pleno dereito ou gravemente prexudicial para os intereses do colexio, poderá solicitar a suspensión do acordo impugnado e a Comisión Permanente do Consello Xeral poderá acordala ou denegala motivadamente.

#### Artigo 98.

Os actos emanados das xuntas xerais, e das xuntas de goberno dos colexios, do Consello Xeral e dos consellos de colexios de comunidades autónomas, en canto estean suxeitos ó dereito administrativo, unha vez esgotados os recursos corporativos, serán directamente impugnables perante a xurisdicción contencioso-administrativa.

#### Artigo 99.

1. Os prazos deste estatuto xeral expresados en días entenderanse referidos a días hábiles, salvo que expresamente se diga outra cousa.

2. A Lei de réxime jurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común aplicarase a cantos actos dos órganos colexiais supoñan exercicio de potestades administrativas. En todo caso, a dita lei terá carácter supletorio para o non previsto neste estatuto xeral.

#### Disposición transitoria primeira.

1. O Consello Xeral da Avogacía Española no prazo dun ano aprobará o seu propio regulamento de réxime interior.

2. Os colexios de avogados, que aplicarán o presente estatuto xeral desde a súa entrada en vigor, deberán adapta-los seus correspondentes estatutos particulares no prazo dun ano desde que esta se produza; os proxectos deles poderán ser aprobados pola xunta xeral extraordinaria en primeira convocatoria, sen necesidade do quórum especial establecido no artigo 59 deste estatuto xeral, nin de calquera outro requisito especial establecido no estatuto particular a modificar, remitíndose ó Consello Xeral para a súa aprobación.

#### Disposición transitoria segunda.

As situacións creadas e os dereitos adquiridos conxuntamente o réxime anteriormente en vigor serán respectados.

#### Disposición transitoria terceira.

As normas de composición e funcionamento do Consello Xeral da Avogacía Española manterán a súa vixencia ata se aproba-lo regulamento de réxime interior do propio Consello Xeral.

## MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES

**13622** *REAL DECRETO 813/2001, do 13 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Academia de España en Roma.* («BOE» 168, do 14-7-2001.)

Desde 1873, ano en que foi creada, a Academia de España en Roma desempeñou un papel fundamental na formación de diversas xeracións de artistas e intelectuais españois. A Academia de España en Roma segue sendo actualmente un instrumento esencial na política cultural exterior española.

Nas últimas décadas, a Academia pasou por varias fases, incluso por varias denominacións: «Academia Española de Belas Artes de Roma», «Academia Española de Historia, Arqueoloxía e Belas Artes de Roma» e, por último, polo ata agora vixente regulamento aprobado polo Real decreto 1565/1998, do 17 de xullo, restablécese o nome de «Academia de España en Roma».

O Real decreto 3424/2000, do 15 de decembro, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI), supuxo a integración nela da Dirección Xeral de Relacións Culturais e Científicas, de forma que a planificación e xestión da difusión da cultura española nos países que non pertencen ó

ámbito da AECE é competencia directa do Secretario de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica, segundo a nova redacción dada ó punto 6 do artigo 13 do Real decreto 1473/2000, do 4 de agosto.

Esta nova distribución de competencias esixe modificar a adscripción da Academia de España en Roma, que dependía ata agora funcional e organicamente do Ministerio de Asuntos Exteriores a través da Dirección Xeral de Relacións Culturais e Científicas. A teor do Real decreto 3424/2000, a Academia de España en Roma, ten que adscribirse directamente á Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica. Isto entraña unha serie de consecuencias, a máis importante das cales é que a presidencia da Academia pasará a ser exercida polo secretario de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica, en vez de polo director xeral de Relacións Culturais e Científicas, quen desempeñará a vicepresidencia, cargo que se crea con esta nova regulación.

Ademais, no novo Regulamento da Academia introdúcense outras modificacións con respecto á composición do Padroado — no que se inclúen os embaixadores de España na República Italiana e ante a Santa Sé— e respecto ó réxime do director. Igualmente, ampliouse o seu ámbito xeográfico, para empezar a desenvolver a súa actividade tamén cos países iberoamericanos, en consonancia coa política do Goberno de fomentar relacións cada vez máis estreitas coas nacións iberoamericanas.

Por todo isto, pareceu máis oportuno proceder a unha nova redacción do regulamento vixente, aprobado polo Real decreto 1565/1998, do 17 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Asuntos Exteriores, de acordo coa ministra de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de xullo de 2001,

## DISPÓN O :

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o novo Regulamento da Academia de España en Roma, co texto que se insire a seguir.

Disposición derogatoria única. *Normas derogadas.*

1. Queda derogado o regulamento aprobado polo Real decreto 1565/1998, do 17 de xullo.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións, de igual ou de inferior rango se opoñan ó presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Disposicións complementarias.*

O ministro de Asuntos Exteriores, co acordo do ministro de Educación, Cultura e Deporte, queda facultado para dictar as disposicións complementarias que esixa a execución do presente real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de xullo de 2001.

JUAN CARLOS R.

## REGULAMENTO DA ACADEMIA DE ESPAÑA EN ROMA

### CAPÍTULO I

#### Disposicións de carácter xeral

Artigo 1. *Natureza, obxecto e finalidade.*

A Academia de España en Roma, que desenvolve a súa actividade principalmente na República Italiana, é unha institución da Administración xeral do Estado no exterior que ten por obxecto primordial contribuír á formación artística e humanística de creadores, restauradores e investigadores, coa finalidade derivada de lograr unha maior presenza cultural española en Italia, un mellor entendemento das culturas de ámbolos países e unha maior vinculación cultural entre Europa e Iberoamérica.

Artigo 2. *Dependencia orgánica e funcional.*

A Academia de España en Roma depende funcional e organicamente do Ministerio de Asuntos Exteriores, a través da Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica, á que corresponde a súa superior dirección e, en cumprimento do principio de unidade de acción no exterior, do embaixador de España na República Italiana.

Artigo 3. *Relacións institucionais.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, a Academia de España en Roma manterá especiais relacións co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, que contribuirá, da maneira que xulgue máis conveniente, á consecución dos obxectivos da institución.

2. A Academia manterá unha colaboración especial coa Real Academia de Belas Artes de San Fernando en todos aqueles asuntos que coadxuven ó logro dos fins de ambas institucións.

3. Do mesmo modo, a Academia manterá unha cooperación especial con cantos organismos educativos e culturais españois existan en Roma e outras cidades italianas, así como coas institucións análogas doutros países.

Artigo 4. *Colaboración con institucións.*

1. A Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica poderá aceptar a colaboración doutras institucións públicas ou privadas, en forma de bolsas ou achegas que coadxuven ós fins da Academia. Cando esta colaboración revestise forma de bolsas, os seus beneficiarios quedarán, en todo caso, obrigados a cumprir as disposicións regulamentarias internas da Academia.

2. A institución pública ou privada que colaborase mediante a dotación de bolsas terá dereito a que nas reunións do Padroado convocadas para a selección de bolseiros estea presente un representante daquela con voz e voto nas especialidades para as que dote unha ou máis bolsas, sempre que a institución non estivese xa representada na persoa dalgún dos vocais elixidos segundo o disposto neste regulamento.

Artigo 5. *Ingresos por actividades.*

A Academia poderá, con autorización expresa do presidente do Padroado, obter ingresos por publicacións e edicións propias ou pola cesión dos seus locais para actividades compatibles cos fins da Academia, de conformidade co establecido nas normas vixentes en materia orzamentaria e sobre taxas e prezos públicos.

## CAPÍTULO II

**Organización da Academia****Artigo 6. Órganos.**

Os órganos da Academia de España en Roma son o Padroado, o director, o secretario e o Consello de Dirección. Estes órganos desenvolverán as súas funcións de acordo co previsto neste regulamento.

**Artigo 7. O Padroado.**

1. O Padroado está composto polos seguintes membros:

- a) Presidente: o secretario de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica.
- b) Vicepresidente: o director xeral de Relacións Culturais e Científicas.
- c) Vocais natos:
  - 1.º O embaixador de España na República Italiana.
  - 2.º O embaixador de España ante a Santa Sé.
  - 3.º O director da Real Academia de Belas Artes de San Fernando.
  - 4.º O director xeral de Cooperación e Comunicación Cultural.
  - 5.º O director xeral de Belas Artes e Bens Culturais.
  - 6.º O director xeral de Cooperación e Comunicación Cultural.
  - 7.º O presidente do Consello Superior de Investigacións Científicas.
  - 8.º O director da Academia de España en Roma.
  - 9.º O predecesor inmediato do director da Academia de España en Roma.

Ata outros nove vocais, nomeados polo ministro de Asuntos Exteriores por un período de tres anos, elixidos entre académicos e persoas de prestixio nas materias propias da Academia ou que contribúan ó seu obxecto e finalidade. Para tales efectos, a Real Academia de Belas Artes de San Fernando propondrá, de entre os seus membros, o nomeamento de ata catro vocais, e a Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica propondrá o nomeamento de ata cinco vocais.

d) Secretario: o subdirector xeral de Cooperación e Promoción Cultural Exterior da AECL. O secretario forma parte do Padroado con voz e voto.

2. Os membros do Padroado non serán retribuídos polo desempeño das súas funcións como tales, pero poderán recibirlas axudas de custo correspondentes segundo a normativa en materia de indemnizacións por razón do servizo.

3. O Padroado reunirse polo menos dúas veces ó ano, podendo ser convocado con carácter extraordinario polo presidente, en calquera momento ou a pedido dos dous tercios dos seus membros.

4. O Padroado terá as seguintes atribucións:

- a) Asesora-lo Ministerio de Asuntos Exteriores en cantos asuntos concirna á organización e labor da Academia, ó traballo e á formación dos bolseiros.
- b) Selecciona-los candidatos e asesora-lo Ministerio de Asuntos Exteriores sobre cantos extremos da convocatoria anual de bolsas coide conveniente.
- c) Examina-los informes sobre os residentes que remita o director da Academia, podendo propo-la cancelación dunha bolsa cando o seu titular non desenvolva o traballo adecuadamente.
- d) Propor, logo do informe do director da Academia, a prórroga das bolsas, de acordo co establecido neste regulamento.

e) Asesora-lo Ministerio de Asuntos Exteriores sobre a eventual prórroga do mandato do director.

f) Cantas outras atribucións lle son encomendadas por este regulamento.

5. No non previsto por este regulamento, o Padroado rexerese polo disposto sobre os órganos colexiados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Artigo 8. O director da Academia.**

1. O director da Academia será nomeado polo ministro de Asuntos Exteriores, por proposta do secretario de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica, logo de convocatoria pública no «Boletín Oficial del Estado», de acordo co procedemento e os requisitos que determine a relación de postos de traballo no exterior. Para tal efecto, o Padroado presentará unha terna de candidatos ó secretario de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica que, atendendo á súa preparación, prestixio persoal, coñecemento da lingua italiana e condicións profesionais, sexan aptos para o desempeño do cargo.

2. O nomeamento do director da Academia será por un período de tres anos, prorrogable por outros dous, podéndose ampliar esa prórroga por un novo período de ata dous anos cando así o aconsellen as circunstancias ou o interese da institución. Cesará no seu cargo ó expira-lo prazo de nomeamento ou o da prórroga, se a houber, ou por decisión do ministro de Asuntos Exteriores, por proposta do Padroado.

3. O director da Academia terá estatuto diplomático e rango equivalente ó de conselleiro da Embaixada de España na República Italiana.

4. O director da Academia, en cumprimento do principio de unidade de acción no exterior, manterá sempre informado o embaixador de España na República Italiana, de quen depende, da marcha e actividades da institución.

5. Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, o director será substituído, provisionalmente, polo secretario.

6. O director da Academia terá as seguintes funcións:

- a) Garanti-la boa organización e o adecuado control das actividades dos asuntos administrativos da Academia.
- b) Manter unha liña de actividade cultural da Academia, acorde coa importancia da institución.
- c) Manter relacións e colaborar con cantos organismos educativos e culturais españois existan en Roma e outras cidades italianas, así como coas institucións análogas doutros países.
- d) Elaborar informes semestrais sobre os traballos dos bolseiros e, en xeral, sobre as actividades da Academia dirixidos ó secretario de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica a través do Embaixador de España na República Italiana.
- e) Presentarlle ó Padroado unha memoria anual ó termo de cada curso sobre tódalas actividades da Academia, incluídas as culturais, administrativas e de xestión.

**Artigo 9. O secretario da Academia.**

1. O nomeamento do secretario da Academia farase de acordo co procedemento e os requisitos que determine a relación de postos de traballo no exterior, por un período de catro anos, prorrogable por un único período de dous anos. O secretario cesará cando expire o prazo do seu nomeamento, ou da prórroga se a houber.

Igualmente, poderá ser cesado polo subsecretario de Asuntos Exteriores, por proposta do secretario de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica e oído o director da Academia.

2. O secretario desempeñará as seguintes funcións:

- a) Exerce-la xefatura do persoal da Academia e vixia-lo bo funcionamento dos seus servicios.
- b) Organizar, baixo a supervisión do director, e levar a cabo, con pleno acordo deste, os asuntos administrativos da Academia.
- c) Realizar e ter ó día o inventario xeral da Academia.
- d) Auxilia-lo director na organización das actividades culturais propias da Academia.

**Artigo 10. Disposicións comúns ó director e ó secretario.**

1. O director e o secretario da Academia están obrigados a residir nas vivendas destinadas a eles na Academia. A recepción destas farase coas súas dotacións debidamente inventariadas.

2. O director e ó secretario da Academia seralles de aplicación o réxime de vacacións, permisos e licencias establecido para os funcionarios da Administración xeral do Estado. No caso do director, o seu goce estará supeeditado á previa autorización da Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica e á conformidade da Embaixada de España na República Italiana. No caso do secretario, o seu goce estará supeeditado á previa autorización do director, debendo informala Embaixada de España na República Italiana.

**Artigo 11. O Consello de Dirección.**

1. O Consello de Dirección está integrado polo director, o secretario da Academia, un representante dos bolseiros libremente elixido por eles e o conselleiro cultural da Embaixada de España na República Italiana.

2. O Consello de Dirección será competente para trata-los temas de organización interna da Academia, para o cal aprobará o Regulamento de réxime interior da institución.

### CAPÍTULO III

#### Bolsas e bolseiros

**Artigo 12. Bolsas.**

1. Para conseguí-los obxectivos da Academia, os ministerios de Asuntos Exteriores e de Educación, Cultura e Deporte dotarán, anualmente, un número determinado de bolsas, de acordo coa capacidade das instalacións da Academia e cos respectivos orzamentos de ámbolos ministerios.

2. Mediante resolución publicada no «Boletín Oficial del Estado», o órgano competente convocará anualmente as bolsas, para as especialidades propostas polo Padroado. A convocatoria axustarase ó disposto no artigo 81 da Lei xeral orzamentaria e no Real decreto 2225/1993, do 17 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para a concesión de subvencións públicas. Sen prexuízo do anterior, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e o Ministerio de Asuntos Exteriores subscribirán un acordo que regulará as achegas do primeiro para as convocatorias de bolsas que efectúe o segundo.

3. Poderán concederse bolsas nas especialidades de pintura, escultura, gravado, arquitectura, música, musicoloxía, artes escénicas, literatura, cine, fotografía, teoría e historia das artes, estética, historia e arqueoloxía,

restauración, museoloxía e outras disciplinas relacionadas coas citadas que se consideren de especial interese para os fins da Academia.

4. Na concesión das bolsas de historia e arqueoloxía procurarase a máxima coordinación coa Escola Española de Historia e Arqueoloxía de Roma, para evitar duplicidades e complementar ó máximo as bolsas de ámbalas institucións.

5. As bolsas serán indivisibles e recaerán individualmente sobre os seus titulares.

6. O usufructo da bolsa será incompatible con calquera tipo de bolsa ou axuda concedida para o mesmo fin.

7. A duración das bolsas fixarase na resolución de concesión, en función dos proxectos presentados. Só en casos excepcionais o Padroado poderá contempla-la concesión de bolsas por un período superior a nove meses. Así mesmo, só se contemplará o cumprimento do plan trazado na solicitude.

8. Cando as circunstancias obriguen a algún bolseiro a introducir modificacións fundamentais no plan orixinal para o que lle foi concedida a bolsa, deberá dar conta disto, inmediatamente, por escrito, ó director da Academia, para a súa aprobación.

**Artigo 13. Bolseiros.**

1. Os aspirantes deberán acreditar ser de nacionalidade española ou dun país iberoamericano ou dun país membro da Unión Europea.

2. Os bolseiros residirán na Academia. Con carácter moi excepcional e logo de autorización do director, poderán residir fóra dela, informando, en calquera caso, periodicamente, ó director, da marcha dos seus traballos ou dos estudos propostos.

3. Os beneficiarios das bolsas deberán presentarse na Academia de España en Roma na data que sinala a resolución de concesión. Oportunamente, o director enviará á Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica os partes de incorporación. As prazas que non fosen ocupadas ofreceránselles ós suplentes.

4. Ó acepta-la bolsa concedida, os beneficiarios comprométese a cumprilo presente regulamento e o de réxime interior da Academia en tódolos seus extremos.

5. Os bolseiros non poderán ter adquiridos compromisos que, a xuízo do Padroado e da dirección, lles impidan o cumprimento íntegro ou continuado do traballo e dos estudos obxecto da bolsa.

6. Ó remate do curso, entregarán a memoria definitiva do traballo realizado que acredite o cumprimento do plan trazado na solicitude.

7. Cando as circunstancias obriguen a algún bolseiro a introducir modificacións fundamentais no plan orixinal para o que lle foi concedida a bolsa, deberá dar conta disto, inmediatamente, por escrito, ó director da Academia, para a súa aprobación.

**Artigo 14. Comisións cualificadoras.**

Os bolseiros serán seleccionados polo Padroado en dúas fases, unha de preselección e outra de selección definitiva. A fase de preselección instrumentarase mediante comisións cualificadoras designadas polo Padroado, os seus membros poderán integrar unha ou máis das ditas comisións. O Padroado designará tantas comisións como sexan necesarias en función da especialidade das bolsas.

Cada comisión presentará ó pleno do Padroado unha lista cos candidatos preseleccionados, que serán entrevistados persoalmente por este. O Padroado elaborará a continuación unha lista única cos candidatos seleccionados e os suplentes e presentaraos ó órgano competente, que resolverá a concesión das bolsas.

Artigo 15. *Exposición e doazón dos traballos dos bolseiros.*

1. Cada ano, a Academia de España en Roma organizará, polo menos, unha exposición dos traballos realizados polos bolseiros. Para estes efectos, o Padroado propondrá os criterios da súa presentación.

2. O remate da súa bolsa, os artistas plásticos quedan obrigados a entregar, a través da Academia de España en Roma, para a súa doazón ó Ministerio de Asuntos Exteriores, dúas obras de elección da dirección da institución, se a bolsa fose superior a seis meses. No caso de que as bolsas fosen de duración igual ou menor a seis meses, a obriga reducirase á doazón dunha obra. Para estes efectos, computarase no período total a eventual prórroga. Nos casos excepcionais previstos neste regulamento, doarase unha obra máis se se superan os nove meses de estadía, incluída a prórroga.

3. Os demais artistas cederanlle ó Ministerio de Asuntos Exteriores, na forma que se determine na resolución de convocatoria de bolsas, unha parte ou unha copia da súa produción durante a súa estadía na Academia. Os investigadores depositarán unha copia dos seus traballos na Academia. Todos eles deberán facer constar nas publicacións que sexan froitos do seu labor durante a estadía na Academia que, parcialmente ou na súa totalidade, foron posibles gracias á bolsa na Academia.

4. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte será destinatario de orixinais ou copias de traballos financiados por ese departamento.

## CAPÍTULO IV

### Outros residentes

Artigo 16. *Residencia de familiares de bolseiros.*

Os familiares dos bolseiros ou os seus invitados só poderán residir na Academia logo de autorización escrita do director. A estadía destas persoas non implicará aumento de gasto no orzamento da Academia —xa que que aboarán os seus gastos de manutención—, nin mingua de prazas dela.

Artigo 17. *Residentes eventuais.*

Poderán ser residentes eventuais na Academia personalidades relacionadas co obxecto e coas finalidades desta. O director da Academia deberá dar conta trimestralmente á Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica de tódalas autorizacións de residencia eventual concedidas. A residencia eventual na Academia non poderá prolongarse, en ningún caso, máis de trinta días, con excepción dos pensionados eméritos. Os residentes eventuais na Academia aboarán os seus gastos de aloxamento e de manutención.

Artigo 18. *Pensionados eméritos.*

O presidente do Padroado da Academia, sempre que o permitan as dotacións orzamentarias, poderá autorizar a residencia na Academia —incluso por períodos de tempo superiores a trinta días— de artistas, investigadores e estudiosos do mundo da arte e da cultura, dos que se considere que os seus traballos teñen especial interese e que se enmarcan nos obxectivos da Academia. Tales residentes terán a consideración de pensionados eméritos.

# MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

**13626** REAL DECRETO 815/2001, do 13 de xullo, sobre xustificación do uso das radiacións ionizantes para a protección radiolóxica das persoas con ocasión de exposicións médicas. («BOE» 168, do 14-7-2001.)

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, nos seus artigos 40.7 e 110, e na súa disposición derradeira cuarta, obriga a establecer requisitos mínimos para a aprobación e homologación das instalacións de centros e servicios e a valorar, por parte da Administración sanitaria, a seguridade, eficacia e eficiencia das tecnoloxías relevantes para a saúde e asistencia sanitaria.

Mediante este real decreto incorpórase ó ordenamento xurídico español a Directiva 97/43/EURATOM, do Consello, do 30 de xuño, relativa á protección da saúde fronte ós riscos derivados das radiacións ionizantes en exposicións médicas, pola que se substitúe a Directiva 84/466/EURATOM, naquelas materias non recollidas nos Reais decretos 1841/1997, do 5 de decembro, 1566/1998, do 17 de xullo e 1976/1999, do 23 de decembro, polos que se establecen, respectivamente, os criterios de calidade en medicina nuclear, radioterapia e radiodiagnóstico, no Real decreto 1132/1990, do 14 de setembro, polo que se establecen medidas fundamentais de protección radiolóxica das persoas sometidas a exames e tratamentos médicos, e no Real decreto 220/1997, do 14 de febreiro, polo que se crea e regula a obtención do título oficial de especialista en radiofísica hospitalaria.

No artigo 7 da citada Directiva 97/43/EURATOM, régúlase a formación en protección radiolóxica nas ensinanza de pregrao nas facultades de Medicina e Odontoloxía, nas escolas universitarias de Podoloxía e nas escolas de técnicos superiores en Diagnóstico por Imaxe e Radioterapia, así como nas especialidades de Oncoloxía Radioterápica, Radiodiagnóstico e Medicina Nuclear e, naquelas especialidades médicas en que se utilicen radiacións ionizantes, quedando recollida esta previsión neste real decreto que, así mesmo, recolle a formación continuada en protección radiolóxica.

Por outra parte, mediante esta disposición, obrígase a xustificar tódalas exposicións médicas con obxecto de protexer a saúde fronte ós riscos derivados das radiacións ionizantes en exposicións médicas.

Este real decreto, que será de aplicación en todo o territorio nacional, ten carácter de norma básica, de conformidade co disposto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución e de acordo co establecido no artigo 40.7 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo, co informe favorable do Consello de Seguridade Nuclear, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de xullo de 2001,

## DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O obxecto deste real decreto é establecer os principios de xustificación do uso das radiacións ionizantes para a protección radiolóxica das persoas fronte ás seguintes exposicións: